

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural				
Materia	Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V03101			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Profesorado	de Uña Álvarez, Elena Pilar Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Correo-e	fermin@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=1060			
Descrición xeral	Trátase dunha materia de carácter introdutorio e xeneralista, que ten como obxectivo comprender e valorar a importancia do Patrimonio Cultural na sociedade contemporánea.			

Competencias	
Código	
A5	Que os estudantes teñan as destrezas de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de maneira que sexa autodirixida ou autónoma.
B1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresions do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a sua cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a sua xestión.
C8	Comprender os valores multifactoriales do Patrimonio Cultural e avalialo adecuadamente de acordo cos criterios de uso social.
D4	Poder integrar a información e os datos diversos aportados por diversos técnicos e ferramentas na redacción de conclusións de actuación.
D6	Saber transmitir de forma clara e inequívoca a un público especializado ou non, resultados da investigación científica e tecnolóxica ou o máis avanzado campo de innovación, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que están baseados

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer o concepto de Patrimonio Cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías	A5 B1 C8 D4 D6

Contidos
Tema

O concepto de Patrimonio Cultural	Orixes e evolución desde o s. XIX (Patrimonio Nacional). Rasgos definitorios básicos na actualidade. Categorías xerais nas que se clasifica (Natural/Cultural; Material/Inmaterial; Moble/Inmoble).
O Patrimonio Natural	Definición e características propias e singulares. Orixes e evolución do concepto ata a actualidade. Estratexias xerais de conservación e intervención. A obvia interacción coa acción antrópica: Paisaxes, Territorios. Patrimonios emerxentes relacionados: xeolóxico e mineiro, paleontolóxico, etc.
O Patrimonio Cultural	Clasificación xeral segundo as normativas e convencións: Histórico/Artístico, Arqueolóxico, Etnográfico, Bibliográfico e Documental. Características e particularidades propias de cada categoría. Estratexias xerais de conservación e intervención. Patrimonios emerxentes relacionados (científico/técnico, industrial, etc.).
O caso específico do Patrimonio Cultural Inmaterial	Definición, características e evolución do concepto ata a actualidade. Relacións e interaccións cos patrimonios materiais.
Categorías patrimoniais	As cambiantes e difusas fronteiras entre os diversos tipos e categorías patrimoniais. Definicións xurídicas e conceptos epistemolóxicos. Patrimonios consolidados e patrimonios emerxentes. Os patrimonios integrais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	4	0	4
Estudo de casos	0	24	24
Resolución de problemas de forma autónoma	0	30	30
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Traballo	0	10	10
Observación sistemática	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e as suas motivacións. Presentación da materia e dos entornos nos que se desenvolverá o módulo, empregando ferramentas de teleformación e telecomunicación.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas
Estudo de casos	Análise de casos ou situacións en relación co concepto e categorías do Patrimonio Cultural. Proceso sustentado na plataforma de teleformación.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades vinculadas ó desenvolvemento da reflexión, debate, crítica e xeneración aberta de alternativas movilizando os coñecementos e as habilidades dos estudantes mediante as diferentes ferramentas tecnolóxicas de docencia.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	Interacción docente/alumnado coa finalidade de exposición básica de contidos, orientación, asesoramento e resolución de dúbidas no proceso do aprendizaxe, co apoio dos medios de teleformación.
Probas	**Descrición**
Traballo	Resolución de dúbidas e atención personalizada dos exercicios prácticos realizados polo alumnado (glosario, foros específicos). Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia e-meeting.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test, realizada a traveso da plataforma virtual. O resultado de aprendizaxe avaliado é: Coñecer o concepto de patrimonio cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías.	30	A5	B1	C8	D4 D6

Traballo	O alumnado realiza e presenta un comentario crítico sobre os textos e lecturas recomendadas, utilizando ferramentas de entrega remota na data indicada. O resultado de aprendizaxe avaliado é: Coñecer o concepto de patrimonio cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías	50	A5	B1	C8	D4 D6
Observación sistemática	Comunicación e participación activa nas actividades da materia través de medios telemáticos. O resultado de aprendizaxe avaliado é: Coñecer o concepto de patrimonio cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías	20	A5	B1	C8	D4 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación

A primeira se leva a cabo durante o cuadrimestre de docencia. No caso de que as semanas de docencia da materia non sexan suficientes para a entrega de todos os traballos previstos, habilitaráse na plataforma de docencia unha semana adicional, ao final de cada cuadrimestre, para facilitar a devandita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de entrega de tarefas.

A segunda convocatoria de avaliación realízase no mes de Xullo, para o que se habilitará de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García Cuetos, P., **El patrimonio cultural: conceptos básicos**, Universidad de Zaragoza, 2011

QUEROL, M.A., **Manual de gestión del Patrimonio Cultural**, Akal, 2010

Tugores, F. e Planas, R., **Introducción al Patrimonio Cultural**, Trea, 2006

HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F., **El patrimonio cultural: la memoria recuperada**, Trea, 2002

Bibliografía Complementaria

Babelon, J.P e Chastel, A., **La notion de patrimoine**, Liana Levi, 2000

Choay, F., **Alegoría del Patrimonio**, Gustavo Gili, 2007

García Cuetos, P., **Humilde condición: el patrimonio cultural y la conservación de su autenticidad**, Trea, 2009

Monterroso Montero, J.M., **Protección y conservación del patrimonio: principios teóricos**, Tórculo, 2001

Moure Romanillo, A. (Ed.), **Patrimonio Cultural y Patrimonio Natural. Una reserva de futuro**, Universidad de Cantabria, 2003

UNESCO, **¿Qué es el patrimonio cultural inmaterial? http://www.unesco.org/culture/ich/doc/src/01851-ES.pdf**,

UNESCO, **Gestión del Patrimonio Mundial natural http://whc.unesco.org/en/managing-natural-world-heritage/**,

UNESCO, **Gestión del Patrimonio Mundial cultural http://whc.unesco.org/en/managing-cultural-world-heritage/**,

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia desenvolverase sempre de maneira telemática presencial, ben sexa síncrona ou asíncrona, utilizando a plataforma docente Moodle (MooVi) e participando nas actividades docentes a través de multivideoconferencia (e-meeting, Campus Remoto).

Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao comezo da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao comezo da mesma.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

* Probas pendentes que se manteñen
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

* Probas que se modifican
[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional